RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2014

*Declaración institucional sobre a loita contra a violencia de xénero

*Declaración institucional sobre a pesca do xeito.

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 10/14, do 31 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.351 á nº 23.350, de 2014.

3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario de decembro.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

4.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2014, cuarta fase.

5.-Aprobación do proxecto de terminación do de ensanche, mellora e afirmado da EP 0512: O Birloque a Arteixo, PK 3+020 ao PK 5+300 (A Coruña) (11.1110.0004.2), incluído no Plan de vías provinciais 2011, terceira fase.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

6.-Aprobación do convenio coa Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional para financiar a compra e adaptación dunha furgoneta para o transporte de persoas con mobilidade reducida.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o Programa de actividades durante o ano 2014.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilarmaior para financiar o proxecto “Rodete vibrante e remolque para o seu transporte”.

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Melide para financiar o proxecto “Creación dun Viveiro de Empresas”.

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *Fundación para el Fomento de la Construcción Naval y de la Actividad Marítima* (EXPONAV) para financiar “Actividades 2014”.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia para financiar o proxecto "SONDAQUI, produtos galegos de elaboración artesá".

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Confederación de Empresarios Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) para financiar o proxecto "Actividades 2014".

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Civil Benefic. Hogar Español Montevideo-Uruguay para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do fogar de acollida no ano 2014.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *Asociación colaboración y Esfuerzo* (ACOES) para cofinanciar o proxecto "Mantemento do Centro Santa-Mónica-Tegucigalpa (Honduras)".

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a "Casa de Galicia" (Uruguay) para cofinanciar a adquisición de equipamento sanitario para os seus centros sanitarios en Montevideo.

16.-Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a *Fundación Escuela de Organización Industrial* (EOI) para a realización conxunta dunha convocatoria de bolsas para cursos formativos de EOI.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

17.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía para financiar o proxecto de actuación e sinalización da Torre-Fortaleza de Mesía e divulgación doutros lugares de interese para o concello.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

18.-Aprobación das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015.

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos de Aranga e Irixoa para o financiamento das obras de "Estrada de Aranga a Verís".

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos para o financiamento das obras de "Construción de senda fluvial e adecuación da zona dos Caneiros. Betanzos (A Coruña)".

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos de Curtis e Vilasantar para o financiamento das obras de "Seguridade viaria: senda peonil e reforzo do firme de calzada na rúa Monolito".

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fene para o financiamento das obras de "Acondicionamento e climatización ambiental da piscina municipal de Centieiras".

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos para o financiamento das obras de “Melloras no afirmado de varias vías municipais nos lugares da Picota, Pino do Val e Pazos”.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento das obras de “Vestiarios campo de fútbol de Visantoña”.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “Aglomerado de camiños nas parroquias de Porzomillos, Cuíña, Oza, Reboredo, A Regueira e Bandoxa”.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “EDAR en Santaia de Probaos”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento das obras de “Reforma do campo de fútbol de Conxo”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento das obras de “Camiño Cabana Vella e outros”.

29.-Aprobación definitiva do expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Arteixo.

30.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mellora vías de Jiménez Herrero, Illa do Portelo e outros” do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código: 14.2100.0122.0.

31.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Remodelación da Praza do Hospital” do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código: 14.2100.0159.0, e aprobación definitiva da obra.

32.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pavimentación do Campo da Festa de Brañas e outros” do Concello de Toques, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código: 14.2100.0189.0

33.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Arranxo de firme de vía pública do Cruzamento de Sesmonde” do Concello de Vilasantar, incluída na 2ª fase da anualidade 2014 do Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os concellos (2014.3280.0215.0).

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

34.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria o 31.10.2014 e proxección ao 31.12.2014.

35.-Modificación da ordenanza fiscal xeral.

36.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos nº 7/2014.

37.-Información sobre o periodo medio de aboamento a proveedores.

38.-Aprobación do orzamento xeral exercicio 2015 e bases de execución.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

39.-Reestruturación orgánica. Terceira fase do desenvolvemento 2013-2015. Relación de postos de traballo 2015.

40.-Aprobación do cadro de persoal 2015.

41.-Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos anuais asinados a cada unidade e traballador. Bases e criterios do sobresoldo especial de produtividade.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o sector lácteo galego.
-Moción do Grupo Popular sobre o sector lácteo.
ROGOS E PREGUNTAS

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA POLO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Todos os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña, presentamos a seguinte Moción, para o seu debate e aprobación en Pleno

O 25 de novembro conmemorouse o Día Internacional para a Eliminación da Violencia de xénero.

A violencia machista é un problema público e social de primeira magnitude, constitúe o máis cruel expoñente da falta de igualdade da nosa sociedade e un dos ataques máis flagrantes aos dereitos fundamentais das persoas, como son a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación, tal como xa proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

É unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país.

Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestable que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Todos os poderes públicos temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos estes dereitos e crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/aos menores ao seu cargo, exixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Os grupos que forman a corporación provincial da Deputación da Coruña, con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero, quere facer especial fincapé, por un lado na poboación máis nova, que parece estar reproducindo de maneira preocupante un sexismo e uns estereotipos de xénero que criamos erradicados, e por outro lado, nas mulleres de máis de 65 anos que están a sufrir violencia de xénero, e nas que as situacións de convivencia prolongadas co agresor levan a cronificar e normalizar esas situacións.

Dende a Deputación estamos convencidos e convencidas de que a familia e a escola son os dous ámbitos de socialización que máis inflúen na aprendizaxe das persoas, e polo tanto é nestes ámbitos onde se debe traballar a prevención de actitudes sexistas e discriminatorias, así como fomentar a reflexión sobre os roles e os valores que rexen na sociedade.

O compromiso de todas as administracións debe ser articular unha resposta global fronte á violencia de xénero, en calquera das súas modalidades e consecuencias, a través dunha asistencia integral ás mulleres vítimas, aos seus fillos e fillas e a outras persoas que estean ao seu cargo, así como fortalecer a prevención para avanzar na paulatina redución desta miserable lacra social ata a súa completa erradicación.

As medidas serán insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que iso supón e, calquera balance será negativo mentres haxa unha soa muller asasinada por esta causa, xa que iso significa que non viviremos nin

gozaremos dunha sociedade verdadeiramente democrática, que poida vivir libre e en igualdade.
Por iso, cremos que é necesario subliñar a importancia do cumprimento do artigo 39 da *Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Igual que instar* ao Goberno Central a que promova un pacto político e social para abordar a violencia de xénero, coa participación de todos os axentes implicados nesta lacra.
Tamén os diferentes gobernos debemos asumir unha serie de demandas, como a unificación dos casos de violencia de xénero de todos os servizos no Sistema de Seguimento Integral, incluír os orfos de violencia nos programas de axudas ou garantir a atención psicolóxica precoz para todas as vítimas entre outras demandas das asociacións de mulleres.
Todos os que formamos esta Corporación apoiamos o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero, así como o desenvolvemento, en colaboración co tecido social, dunha campaña de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

Apoiamos tamén a formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero, o deseño dun plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade e a esixencia de que se cumpra a normativa en publicidade sexista.

Todos nós seremos exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos.

Rematar coa violencia de xénero é para esta Deputación unha prioridade e un deber de xustiza coas vítimas e con toda a sociedade.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Goberno galego, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, vén impulsando distintas iniciativas en apoio dos profesionais que empregan o *xeito*, unha arte de pesca tradicional, respectuosa e sostible, practicada desde tempos inmemoriais en augas das rías galegas.

Nesta provincia, no municipio de Rianxo, por exemplo hai contabilizadas 116 embarcacións que fan uso do xeito. No conxunto dos portos galegos falamos dunhas 428 embarcacións que se dedican á pesca con esta arte.

Máis en concreto sabemos que se está traballando nun dobre obxectivo:

Por unha banda, demandar –xunto coa Federación Galega de Confrarías– a apertura da pesca da sardiña para as embarcacións que fan uso deste aparello, tendo en conta a súa mínima incidencia sobre o stock desta especie.

E pola outra, reclamar á Unión Europea que estableza unha excepción para a flota do xeito, no caso de que finalmente prospere o que hoxe non é máis que unha proposta de Regulamento da Unión Europea formulada para prohibir o uso das redes de deriva para a pesca.

A Consellería do Medio Rural e do Mar e o Parlamento de Galicia xa amosaron a súa oposición a esta prohibición que pretende impoñer a UE, baixo o argumento que non existen artes boas ou malas, senón mellor ou peor utilizadas.

Con moita máis razón acontece no caso do *xeito* xa que, en nada pode ser comparable co resto das redes de deriva: é selectiva, non produce practicamente descartes e é ambientalmente respectuosa, xa que non captura nin mamíferos nin aves accidentalmente.

Existen razóns máis que fundadas para defender aos *xeiteiros*, e a continuidade na actividade dun grupo de embarcacións que empregan un tipo de arte que en malla principalmente sardiña

É polo que os grupos que conforman esta Corporación provincial da Coruña **acordan**:

1º- En relación coa proposta de Regulamento comunitario que prohibe a pesca con redes de deriva, demandar do MAGRAMA para que de continuidade á recompilación da documentación necesaria, que complemente e consolide os argumentos empregados nas alegacións formuladas ata o de agora, de cara a reforzar as xestións diante da Comisión Europea, do Parlamento Europeo e do Consello Europeo para excluír ás embarcacións do xeito desta prohibición.

2º- No relativo ao peche da pesca da sardiña, reiterar a petición para que, dentro da negociación coa Unión Europea e Portugal, se considere a inclusión da posibilidade de autorizar a pesca ás embarcacións do xeito de 20 Tm de sardiña durante o período temporal que resta para que remate o ano, e se deduza unha cota específica para

esta flota e a de racú dentro da asignada a España no acordo do futuro plan de xestión da sardiña”

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/14, DO 31 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/14, do 31 de outubro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 21.351 Á Nº 23.350, DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.351 á nº 23.350, de 2014.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE DECEMBRO.

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 26 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada;

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao duodécimo mes de 2014 celebrarase o día 19 de decembro, venres, a partir das doce horas”.

4.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, CUARTA FASE.

"Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2014, cuarta fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, coa indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
14.1100.0045.0	Reforzo de firme na DP 4604 Melide- As Pías por Toques do PK 13+420 ao PK 15+230 (Sobrado e Toques)	155.531,66
14.1100.0046.0	Mellora capa rodadura DP 1106 Boiro-Cespón PK 1+700 ao PK 6+570	351.101,04
	TOTAL	**506.632,70**

O financiamento desta cuarta fase do plan realízase con cargo á partida 0410/453A/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014"

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DO DE ENSANCHE, MELLORA E AFIRMADO DA EP 0512: O BIRLOQUE A ARTEIXO, PK 3+020 AO PK 5+300 (A CORUÑA) (11.1110.0004.2), INCLUÍDO NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, TERCEIRA FASE.

1.- Aprobar o proxecto de TERMINACIÓN PROXECTO DE ENSANCHE, MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 AO PK 5,300 (A CORUÑA) (1111100004.2) incluído no PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 TERCEIRA FASE cun presuposto total de 857.991,43.- euros, con cargo á aplicación 0410/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
TERMINACIÓN PROXECTO DE ENSANCHE, MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 AO PK 5,300 (A CORUÑA) (1111100004.2)	857.991,43

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o prazo sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL PARA FINANCIAR A COMPRA E ADAPTACIÓN DUNHA FURGONETA PARA O TRANSPORTE DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 28 de outubro de 2014.

2.- Aprobar e formalizar o convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional (CIF G15052434), correspondente á subvención nominativa por importe de 24.964,40€, concedida para cofinanciar a *compra e adaptación dunha furgoneta para o transporte de persoas con mobilidade reducida,* cun orzamento subvencionado de 34.283,34 € de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL PARA COFINACIAR A COMPRA DUNHA FURGONETA E A SÚA ADAPTACIÓN PARA O TRANSPORTE DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.**

A Coruña,

R E U N I D O S
Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,
E doutra parte Dª Milagros Rey Pérez, presidenta da Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional,
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional (CIF G15052434), para cofinanciar a compra dun vehículo para o transporte de persoas con mobilidade reducida coas seguintes características: furgoneta con capacidade para nove prazas e posibilidade de adaptación na que se inclúa a instalación de seis butacas xiratoiras abatibles, chanzo eléctrico no lateral dereito, guías para fixación de cadeiras de rodas e plataforma eléctrica traseira.

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

Segundo o presuposto que achega a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ascende a 34.283,34 €, co seguinte detalle:

OBXECTO	Base impoñible	IVE (4%)	Total
Vehículo	18.878,21 €	755,13 €	19.633,34 €
Reforma e adaptación	14.086,54 €	563,46 €	14.650,00 €
TOTAL:			34.283,34 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 24.964,40 euros, o que representa unha porcentaxe de 72,82 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,82 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231D/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe da adquisición supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben ou equipamento, a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, deberá rotular o vehículo co anagrama provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2. de publicidade.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA, é dicir, antes do 30 de marzo de 2015.

2. Unha vez realizada a adquisición, a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do 30 de abril de 2015.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do ben ou equipamento dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na adquisición excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xuño de 2015**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2.Para o caso de que a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación **antes do día 30 de abril**

de 2015, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2015. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación AMBAR das persoas con diversidade funcional, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por_____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O AUDITORIO DE GALICIA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7/11/2014.

2.- Aprobar o convenio co Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa, por importe de 240.000 €, para financiar as *Actividades Culturais do Auditorio do ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 300.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o *Programa de actividades durante o ano 2014.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, Presidente do Consello Reitor do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecentos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, con data do 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo disposto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, encomendoulle ao Auditorio de Galicia a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- O obxecto deste organismo é a elaboración, deseño e execución dos programas de actividades culturais de maior magnitude no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- A Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago.

5.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do ***Programa de actividades durante o ano 2014,*** a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia (Q1500340C) para financiar o ***Programa de actividades durante o ano 2014****,* co seguinte contido:

* Música clásica: temporada de aboamento con concertos da Real Filharmonía de Galicia e da Orquestra Sinfónica de Galicia.

* Ciclo de piano “Ángel Brage”: recitais de David Kadouch, Andrea Bacchetti e Cédric Tiberghien.

* Todo Lírica: recitais de distintos cantantes do campo da lírica, que terá lugar no Nadal.

* Compostela Rock: ciclo que ao longo de todo o ano reúne en diferentes espazos da cidade a artistas de rock, pop e xéneros afíns.

* Íntimo & Acústico: ciclo que presenta solistas e grupos en espazos como o Teatro Principal ou a Zona C que permiten un contacto máis próximo co artista.

* Jazz: ciclo de difusión da música de jazz cunha programación que inclúe sete concertos dos mais afamados intérpretes jazzísticos, entre eles Brad Mehldau, Avishai Cohen Trío e Kenny Garrett.

*Blues Nite: novo ciclo que agrupa diferentes estilos de música arredor do blues e as súas variantes e fusións, que complementa á programación de jazz, con actuacións de Víctor Aneiros, Julie Guravich, Guadalupe Plata, Boney Fields, Boo Boo Davis, e

en representación de Galicia: Moondogs Blues party e Varlos Childe & The Slave Rhythms.

*Teatro 2014: programación conformada por dezasete espectáculos de significados autores, tanto clásicos como modernos: William Shakespeare, Mark Twain, Miguel Delibes, Oscar Wilde, Humberto Eco, Lope de Vega e Mario Vargas Llosa, entre outros.
* Programación Zona "C":espazo para exposicións, inaugurado no ano 2007 para promover a creación de vangarda e os novos artistas.

* Outras actividades: programación musical e de artes escénicas dirixida a enriquecer e reforzar con eventos especiais os contidos dos ciclos estables de programación.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

MÚSICA	
Programa de música clásica	25.000.-
Ciclo de piano "Ángel Brage"	18.000.-
Todo Lírica	14.000.-
Jazz	26.000.-
Compostela Rock	55.000.-
Íntimo & Acústico	14.000.-
Blues Nite	10.000.-
Teatro 2014	60.000.-
Outras actividades	12.000.-
EXPOSICIÓNS	
Zona "C"	16.000.-
GASTOS COMÚNS ÁS ACTIVIDADES	50.000.-
Total gastos	***300.000 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **240.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto_xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Auditorio de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Logo da solicitude do Auditorio de Galicia, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA FINANCIAR O PROXECTO "RODETE VIBRANTE E REMOLQUE PARA O SEU TRANSPORTE".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE VILARMAIOR con CIF P1509200J para financiar o proxecto "Subministración de rodete vibrante e remolque para o seu transporte" para a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo dos Servizos Públicos Consorciados.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 36.989,70 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 100%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/453D/76201 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140038005 do 04/11/2014 núm. de referencia 22014007840. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE VILARMAIOR

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Carlos Vázquez Quintián, alcalde-presidente do Concello de Vilarmaior.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Vilarmaior, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE VILARMAIOR**, CIF P1509200J, para o financiamento da adquisición da subministración que se describe deseguido:

SUBMINISTRACIÓN DUN RODETE VIBRANTE E REMOLQUE PARA O SEU TRANSPORTE.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o presuposto que achega o **CONCELLO DE VILARMAIOR**, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 36.989,70 euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 36.989,70 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/453D/76601, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao **CONCELLO DE VILARMAIOR** o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.
2. No procedemento de contratación, o **CONCELLO DE VILARMAIOR** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Adquirido o ben, o **CONCELLO DE VILARMAIOR** deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE VILARMAIOR pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
    - Persoa adxudicataria
    - Importe do contrato
    - E prazo de execución

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- O CONCELLO DE VILARMAIOR estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE VILARMAIOR, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE VILARMAIOR na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE VILARMAIOR terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO DE VILARMAIOR deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE VILARMAIOR para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE VILARMAIOR da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE VILARMAIOR na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE VILARMAIOR terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE VILARMAIOR deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE VILARMAIOR destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE VILARMAIOR poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE VILARMAIOR queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE VILARMAIOR serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE VILARMAIOR será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE VILARMAIOR non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE VILARMAIOR perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o **convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Ppesidente da Deputación e o do CONCELLO DE VILARMAIOR, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O CONCELLO DE VILARMAIOR
Diego Calvo Pouso	Carlos Vázquez Quintián

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE PARA FINANCIAR O PROXECTO "CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MELIDE con CIF P1504700D para financiar actividades "Creación dun Viveiro de Empresas".

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 30.000,00 € euros, cunha porcentaxe de financiamento do 20%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/76201 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de referencia 220140038895. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MELIDE

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte a Sra. Dona Mª Ángeles Vázquez Mejuto, alcaldesa-presidenta do CONCELLO DE MELIDE

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MELIDE ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE MELIDE, CIF P1504700D, para o financiamento dun "*Proxecto básico e de execución Viveiro de empresas en edificio multiusos*", tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por Don Jacobo Fernández Malde, arquitecto colexiado núm. 2.928.
2. O CONCELLO DE MELIDE, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o CONCELLO DE MELIDE, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M.	104.173,90 €
GASTOS XERAIS (13%)	13.542,61 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	6.250,43 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%)	26.033,06 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	**150.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 20,00%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MELIDE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á CONCELLO DE MELIDE o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE MELIDE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que o CONCELLO DE MELIDE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE MELIDE estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MELIDE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE MELIDE, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MELIDE na documentación achegada. E se transcorreseb máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MELIDE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE MELIDE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á CONCELLO DE MELIDE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONCELLO DE MELIDE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MELIDE na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MELIDE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MELIDE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MELIDE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MELIDE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MELIDE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.
5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MELIDE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MELIDE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE MELIDE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MELIDE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	A representante do CONCELLO DE MELIDE
DON DIEGO CALVO POUSO	

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A *FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LA ACTIVIDAD MARÍTIMA* (EXPONAV) PARA FINANCIAR "ACTIVIDADES 2014".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Apréciansе no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), para financiar o programa de actividades 2014.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 112.500,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140038276 do 05/11/2014 núm. de referencia 22014007880. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Manuel Garat Caramé, con DNI núm. 32620748 D, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas EXPONAV consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción e dinamización económica da provincia.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), CIF G-15944564, para o financiamento das “Actividades para o ano 2014”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	OBSERVACIÓNS
Atención ao visitante e guías	40.250,00 €	
Externalización de servizos	36.000,00 €	
Administración e asesorías	4.625,00 €	
Pequeno material	10.250,00 €	
Bolsas e axudas ao estudo	10.000,00 €	
Publicidade	2.500,00 €	Folletos e material publicitario
Consumibles	7.500,00 €	Material oficina e informática
Seguros	4.000,00 €	Os relacionados na memoria
Exposicións e eventos varios	5.500,00 €	
Dixitalización de documentos	5.000,00 €	
Rótulos identificativos	10.000,00 €	
Recuperación de pezas de electricidade e electrónica	5.000,00 €	
TOTAL	**140.625,00 €**	

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 112.500,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DO COÑECEMENTO DA CONSTRUCIÓN NAVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle Á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supere os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), **en dous pagos** unha vez que se presente a seguinte documentación **en dúas xustificacións** nas que se deberá incorporar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre o 31 de xullo de 2014 ata o 31 de xullo de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 31 de xullo do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2015, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2015.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2015** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN

PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV),

DON DIEGO CALVO POUSO

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA PARA FINANCIAR O PROXECTO "SONDAQUI, PRODUTOS GALEGOS DE ELABORACIÓN ARTESÁ".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS GALICIA NIF G15299357 para financiar o proxecto "Sondaqui, produtos galegos de elaboración artesá"

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 12.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140038927 do 12/11/2014 núm. de referencia 22014007956 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Enrique Rodríguez Rendo, con DNI núm. 33219893G, en representación da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA consideran de grande interese para a provincia presentar os produtos de elaboración artesá identificativos de territorios rurais galegos de cara a fomentar a súa comercialización no mercado nacional.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA**, CIF G15299357, para o financiamento do proxecto "SONDAQUI, produtos galegos de elaboración artesá".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Formación cos grupos de produtores	**2.000,00 €**
Preparación da presentación cos participantes	**1.000,00 €**
Elaboración de vídeo – Montaxe	**3.000,00 €**
Desprazamentos e aloxamento	**3.000,00 €**
Accións coordinación evento	**1.000,00 €**
Comunicación e difusión	**5.000,00 €**
TOTAL	**15.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 12.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento

detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de

xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida

incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de outubro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da FEDERACIÓN ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA
DON DIEGO CALVO POUSO	

12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) PARA FINANCIAR O PROXECTO "ACTIVIDADES 2014".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 13 de novembro de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) CIF G70199112 para financiar as "Actividades do ano 2014".

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 50.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140039092 do 13/11/2014 núm. de referencia 22014007962. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Isidro M. Silveira Rey, con DNI núm. 32661379E, en representación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) consideran de grande interese para a provincia fomentar e defender o sistema de iniciativa privada e economía libre de mercado, propiciar o desenvolvemento económico do país como medio para acadar unha situación social cada vez máis xusta, así como representar e defender os intereses xerais e comúns das empresas.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)**, **CIF G70199112**, para o financiamento das "*Actividades 2014*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Publicacións e publicidade empresarial - Publicidade en medios de comunicación, folletos informativos e de promoción…)	**21.320,00 €**
Actividades formativas - Impartidas por entidades e empresas externas	**10.000,00 €**
Outros proxectos e actividades promocionais - Impresión de material complementario proxecto Cidade empresarial: 12.000,00 € - Proxecto Turismo Industrial (gabinete comunicación externo): 12.000,00 €	**24.000,00 €**
Gastos estruturais imputables ás actividades - Gastos correntes: limpeza, luz, auga, telefonía, internet…	**7.180,00 €**
TOTAL	**62.500,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES

antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **1 de abril do ano 2015,** sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)
DON DIEGO CALVO POUSO	

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIVIL BENEFIC. HOGAR ESPAÑOL MONTEVIDEO-URUGUAY PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2014.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN CIVIL BENEFIC.HOGAR ESPAÑOL-MONTEVIDEO-URUGUAY NIF: T000000031 para financiara os gastos de mantemento ano 2014

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 40.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 69,686%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232C/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140036815 do 24/10/2014 núm. de referencia 22014007758 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O *HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO*, DA REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMETO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2014

……. …….. de …… de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.
E doutra parte, D. ÁNGEL IGNACIO DOMÍNGUEZ CASTRO, Presidente do *HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO,* da República Oriental do Uruguai.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

M A N I F E S T A N

O *Hogar Español de Montevideo* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender os anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está asilar os anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galega, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO, da República Oriental do Uruguai (a beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento durante o ano 2014 do fogar de acollida, sito en Avda. Instrucciones 981.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE

Gas natural	21.500,00 €
Electricidade	9.400,00 €
Cueiros xeriátricos	12.500,00 €
Alimentación	7.500,00 €
Servizo de seguridade	4.000,00 €
Produtos de limpeza	2.500,00 €
TOTAL	**57.400,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 40.000,00 €, que equivale ao 69,686 % de coeficiente de financiamento.
2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (69,686 %) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: Partida 0520/232C/481, por 40.000,00 €, do orzamento xeral para o 2014.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á

Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Os gastos de funcionamento obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula PRIMEIRA, deberán estar comprendidos no período 1.01.2014 a 31.12.2014.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá

á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS DEBERES TRIBUTARIOS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2015.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA

perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do_____de dous mil catorce.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DO HOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO
DIEGO CALVO POUSO	ÁNGEL I. DOMÍNGUEZ CASTRO

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A *ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO* (ACOES) PARA COFINANCIAR O PROXECTO "MANTEMENTO DO CENTRO SANTA-MÓNICA-TEGUCIGALPA (HONDURAS)".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e COLABORACIÓN Y ESFUERZO CIF: G15730542 para financiar o proxecto de prevención social nenos/as e mozos/as de grupos en situación de risco, en Tegucigalpa-Honduras

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 76,10 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232B/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140033614 do 03/10/2014 núm. de referencia 22014007247 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COLABORACIÓN Y ESFUERZO, PARA O FINANCIAMENTO DO "PROXECTO DE PREVENCIÓN SOCIAL DE NENOS/AS E XÓVENES DE GRUPOS EN SITUACIÓN DE RISCO, EN TEGUCIGALPA – HONDURAS"

A Coruña, ... de ..... de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Luis María Vázquez Arcay, con DNI 3532.399.430-C, que intervén neste acto en nome e representación da "*Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES*", CIF G-15730542, con enderezo na Rúa Francisco Mariño, 21 – 1º esquerda, da Coruña, na súa calidade de presidente e conforme competencias que ten atribuídas.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A *Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES* (a beneficiaria, en adiante), CIF G-15730542, é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2004/007607-1 (SC) e no Rexistro Galego de Organizacións non Gobernamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co número 104.

O proxecto que promove a beneficiaria, pretende mellorar as condicións de vida dos habitantes da Colonia Villa Cristina – Tegucigalpa (Honduras), marcada pola extrema pobreza e a inseguridade que provoca o alto nivel de delincuencia a través de bandas xuvenís e bandas organizadas denominadas "maras", mediante unhas estratexias de intervención que incidan no desenvolvemento individual e interpersoal dos mozos, no reforzo do seu desenvolvemento educativo e a formación profesional, proporcionando coñecementos aos seus responsables (pais, nais ou titores) que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.
A súa execución afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2013: 120, sobre 186), cualificado como xeograficamente prioritario polo "Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017". Ademais, ao incidir no acceso á educación de grupos en situación de risco, contribúe á consecución do 2º dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (universalización da ensinanza primaria) e á inclusión social e loita contra a pobreza, razón pola que é configurado tamén como prioridade horizontal e transversal tanto para a cooperación galega como para a estatal.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de Cooperación internacional ao desenvolvemento, establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, se inspira nos principios, obxectivos e prioridades establecidas a través do Plan Director da Cooperación Española 2013-2016.

O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación ao desenvolvemento, cita ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega, e segundo o seu art. 5, os principios e criterios da cooperación galega vinculan a todas

as políticas e actuacións dos entes locais galegos, establecidos a través do Plan director da cooperación galega 2014-2017.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de ……., a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade "*Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES*", por importe de 15.000,00 euros, para o financiamento do "*Proxecto de prevención social de nenos/as e mozos de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras "*.
Dado o interese coincidente da Deputación e "*Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES*", ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O *"Proxecto de prevención social de nenos/as e mozos de grupos en situación de risco en Tegucigalpa - Honduras*", ten como obxectivo xeral mellorar as condicións de vida dos nenos/as e mozos/as da Colonia Villa Cristina (Tegucigalpa) e como obxectivo específico que os nenos/as e mozos acaden a integración social, familiar e no sistema educativo do país.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, as actuacións desenvolveranse durante o ano 2014 nos seguintes frontes:

1) Fomentando o desenvolvemento individual e interpersoal dos beneficiarios, mediante a atención médica, psicolóxica e nutricional, excursións, ludoteca, charlas semanais sobre valores, economía de fichas e festival da canción mímica;

2) Reforzando o desenvolvemento educativo e a formación profesional de cada beneficiario, facilitar as matrículas nos centros educativos do país, subministración de material escolar necesario, reforzo escolar, taller de serigrafía, taller de computación e visitas escolares; e

3) Proporcionando aos responsables dos beneficiarios os coñecementos que contribúan a mellorar as súas condicións de vida.

Da execución do proxecto beneficiaranse directamente 121 persoas, aproximadamente, dos que 70 son nenos/as e mozos de idades comprendidas entre os 7 e os 18 anos, e 51 son os responsables dos anteriores (pais, nais ou titores). Ao tempo, beneficiaranse directamente un grupo doutros 300 mozos da zona de influencia do proxecto, que teñen acceso a algunhas das actividades que se realizan no Centro Santa Mónica. Indirectamente beneficiaríase toda a poboación da Colonia Villa Cristina, unhas 7.000 persoas, que poderán gozar dun ambiente menos conflitivo na zona.

A intervención da beneficiaria farase a través da súa contraparte hondureña do mesmo nome *"Asociación Colaboración y Esfuerzo –ACOES Honduras*", organización

con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza en Honduras, que para estes efectos creou no ano 2004 un centro educativo e asistencial, Centro Santa Mónica, na Colonia de Villa Cristina - Tegucigalpa.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 19.710,12 €, cuxo detalle é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Funcionamento (luz, gas, comunicacións)	1.590,00
Mantemento (pintura, pequenas reparacións, limpeza)	1.750,00
Nutrición	7.400,00
Uniformes escolares	1.750,00
Material para talleres (serigrafía, computación, etc.)	1.314,45
Combustible (para a realización das actividades de xestió centro)	1.864,00
Útiles escolares (mochilas equipadas e útiles escolares.)	2.041,67
Actividades lúdicas (saídas en equipo e excursións)	2.000,00
TOTAL	**19.710,12**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 15.000,00 euros, o que equivale a un 76,10 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,10 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 50.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar a polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase dunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 50 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 49ª e 57ª das de execución do presuposto provincial para o 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo disposto, non se presentara a xustificación correspondente.

2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de prevención social de nenos/as e mozos de grupos en situación de risco en Tegucigalpa (Honduras)”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
2.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán entre o 1.01.2014 e o 31.12.2014, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2015.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita XURISDICIÓN, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo do …. de …… do 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña	En representación da Asociación Colaboración y Esfuerzo - ACOES
D. Diego Calvo Pouso	D. Luis María Vázquez Arcay

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A "CASA DE GALICIA" (URUGUAY) PARA COFINANCIAR A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA OS SEUS CENTROS SANITARIOS EN MONTEVIDEO.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CASA DE GALICIA EN MONTEVIDEO-URUGUAY NIF. T000000039 para financiar a adquisición de equipamento sanitario.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 25.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 55,67%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232C/7871 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140039233 do 13/11/2014 núm.de referencia 22014007965. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A "CASA DE GALICIA" (Uruguai) PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA OS SEUS CENTROS SANITARIOS EN MONTEVIDEO

Na cidade de ……..…, ….. de …… de 2014

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel Ramos Pérez, que intervén neste acto en nome e representación da ”Casa de Galicia”, cuxo domicilio social está en Colonia, 1474, Montevideo (Uruguai), actuando na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.
Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

M A N I F E S T A N

A “Casa de Galicia” (en adiante a beneficiaria) é unha asociación civil sen fins de lucro, fundada en 1917, ao amparo da lexislación da República do Uruguai, que ten como finalidade outorgar servizos de asistencia médica colectiva, que conta cun local central, un sanatorio e catro policlínicas situadas na cidade de Montevideo.
Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.
A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.
Aínda que a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, supuxo unha modificación importante na configuración xeral do mapa competencial das entidades locais, de tal xeito que, actualmente, resulta cuestionable a competencia das entidades locais para levar a cabo actuacións neste eido, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de adaptación a Galicia da reforma citada permite ás entidades locais dar continuidade a aquelas actuacións de fomento establecidas en exercicios anteriores, tales como as que a Deputación da Coruña vén levando a cabo dende hai máis dunha década en favor das colectividades galegas.
Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a continuación no apoio á realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:
I.- OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a “Casa de Galicia”, para o cofinanciamento do equipamento sanitario que foi adquirido pola entidade, segundo a factura núm. A-11828, de

6.01.2014, por importe de 61.036,60 USD (equivalente a 44.909,90 €), consistente en 4 monitores GE Datex Ohmeda e 1 Cardíaco Modelo B20, 1 monitor GE Datex Ohmeda e 1 cardíaco invasivo Modelo B20, 1 incubadora GE e 1 Giraffe Omnibed.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ten o seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
4 monitores GE Datex Ohmeda e 1 Cardíaco Modelo B20	11.743,20
1 monitor GE Datex Ohmeda e 1 cardíaco invasivo Modelo B20	4.098,30
1 incubadora GE e 1 Giraffe Omnibed	20.969,90
IBA (22 %)	8.098,50
TOTAL	**44.909,90**

O importe das adquisición en USD é de **61.036,60**, equivalen a **44.909,90 €**, segundo o tipo de cambio vixente na data de pagamento (Recibo núm. 8473, do 6.01.2014).

III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña se compromete a colaborar no cofinanciamento da citada adquisición cunha achega máxima de 25.000,00 € (VINTE E CINCO MIL EUROS), o que equivale a un coeficiente de financiamento do 55,667 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,667 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232C/781, do orzamento xeral para 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente por importe de 25.000,00 €, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As adquisicións do equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, foi realizado o día 6.01.2014.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI, no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio disposto na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que apresente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Ao tempo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Ao tempo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31.03.2015.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 31.01.2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente

xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.03.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita XURISDICIÓN, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo do ……..

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA CASA DE GALICIA
DIEGO CALVO POUSO	MANUEL RAMOS PÉREZ

16.-ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A *FUNDACIÓN ESCUELA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL* (EOI) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA CURSOS FORMATIVOS DE EOI.

1º.- Aprobar a addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI) para a realización conxunta dunha convocatoria de bolsas para cursar Cursos de Formativos de EOI, cunha achega de 25.000,00 €, que se imputará á partida 0510/433A/481.

2º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente tendo en conta que a súa vixencia se estende ata o 31 de marzo de 2015.

3º.- Imputar o gasto derivado do presente acordo á partida 0510/433A/481 do vixente presuposto no documento contable AD núm. de operación 220140036763 do 24/10/2014.

4º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura da adenda ao convenio."

O texto íntegro da addenda ao convenio é o seguinte:

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN ESCUELA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL (EOI) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA CURSAR CURSOS FORMATIVOS DE EOI (Número 300/2013).

A Coruña, de novembro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, Don Fernando Bayón Mariné, director xeral da Fundación EOI, actuando, en virtude dos poderes conferidos polo Padroado, en nome e representación da Fundación EOI (en diante EOI), con CIF G-81718249 e domicilio social en Avenida Gregorio do Amo 6, 28040 Madrid.

Doutra parte, Don Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando, en exercicio das facultades conferidas, en nome e representación da Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (en adiante DEPUTACIÓN DA CORUÑA), con CIF: P1500000C, e domicilio social en Av. Alférez Provisional 2, CP: 15003, A Coruña

Os asinantes, na representación que teñen, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar este documento e, para o efecto,

EXPOÑEN

I. Con data do 20 de decembro de 2013 asinouse un convenio de colaboración para desenvolver os termos da colaboración entre a EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA para a realización conxunta dunha convocatoria de bolsas para cursar Programas Formativos de EOI no ano lectivo 2013/2014 dirixidos a persoas da provincia da Coruña.

II. Co fin de facilitar a incorporación ao mercado laboral dos mozos coruñeses, a Deputación da Coruña e a Fundación EOI convocaron conxuntamente un programa de bolsas, dirixido a titulados universitarios, para cursar programas de estudos desenvolvidos pola Escuela de Organización Industrial durante o ano lectivo 2014. A convocatoria ten a súa base no convenio de colaboración asinado por ambas as dúas entidades o 20 de decembro de 2013. Este programa de bolsas, incluído no denominado Plan de emprego novo, ten como obxectivo colaborar na diminución da taxa de desemprego xuvenil, atraer o mellor talento e contribuír á formación e desenvolvemento profesional de titulados universitarios, que desexen mellorar a súa formación como vantaxe competitiva na súa procura de emprego. Atendendo ás solicitudes recibidas ambas as dúas partes acordan potenciar a concesión de bolsas para a matriculación de mozos coruñeses no Máster MBA Part-Time (Madrid) mediante a ampliación da achega económica de ambas as dúas partes.

III. Na CLAUSULA 3 do citado convenio establécese que "*EOI e a DEPUTACIÓN DA CORUÑA poderán asinar de mutuo acordo anexos a este convenio de colaboración entre as dúas institucións cando o consideren oportuno*".

IV. Ambas as dúas partes, de común acordo, decidiron modificar a CLÁUSULA 1 do convenio relativa a "as condicións da convocatoria das bolsas"; a CLÁUSULA 2 relativa ás "achegas das partes" onde se especifican as porcentaxes de desconto/bolsa que asume cada parte, a CLÁUSULA 7 relativa á "vixencia e extinción", e ANEXO III, relativo ao procedemento e condicións de adxudicación e conservación de bolsas, para un correcto desenvolvemento do proxecto.

Por canto antecede, as partes asinantes consideran de interese subscribir esta addenda para modificar o convenio citado, que formalizan mediante este documento, en cuxa virtude,

ACORDAN

CLÁUSULA PRIMEIRA
Modificar as cláusulas do convenio 300/2013, co seguinte teor:

Cláusula 1. OBXECTO
Onde di:
• Cada unha das bolsas conta cunha dotación do 55% do prezo total de matrícula do Programa Formativo.
• EOI fará un desconto dun 30% do prezo total de matrícula do Programa Formativo.
• O alumno deberá aboar o 15% do prezo do Programa Formativo de acordo coas condicións de pago establecidas por EOI para cada programa.

Pasará a dicir:
• Deputación da Coruña e EOI subvencionarán o 85% do prezo total de matrícula do Programa Formativo, conforme o indicado no presente convenio.
• O alumno deberá aboar o 15% do prezo do Programa Formativo de acordo coas condicións de pago establecidas por EOI para cada Programa.

Cláusula 2. ACHEGAS DAS PARTES
Onde di:
Para cada unha das bolsas concedidas, EOI comprométese a asumir o 30% do prezo do Programa Formativo, a DEPUTACIÓN DA CORUÑA comprométese a asumir un 55% do prezo do Programa Formativo e o participante asumirá o 15% restante.
A DEPUTACIÓN DA CORUÑA financiará o programa de bolsas por importe dun total de DOCE MIL EUROS (12.000,00€) mediante transferencia bancaria á conta indicada pola Fundación EOI, no prazo máximo dun mes desde a data de emisión da nota de cargo.
A nota de cargo emitida por EOI constará, polo menos, da seguinte documentación xustificativa:
- Memoria da actividade, subscrita polo representante legal da entidade, na que se reflictan todas as actuacións realizadas pola EOI e a Deputación para levar a cabo o programa de bolsas de estudo.
- Certificación de gastos, na que conste a relación de persoas beneficiarías, e o seu correspondente aboamento do prezo do programa formativo inscrito.
- Financiamento provincial e declaración doutros ingresos que obteñan ou estean comprometidos para a mesma finalidade.
Das bolsas concedidas con cargo a este programa conxunto EOI-DEPUTACIÓN, a achega máxima da DEPUTACIÓN será de 12.000,00€, o que supón un 55% do custo total da actividade, 21.818,18€. Da cantidade resultante, un 30% será financiado con cargo a fondos propios de EOI e un 15% será financiado con cargo aos beneficiarios das bolsas. En todo caso, a Deputación da Coruña só achegará o 55% do importe dos programas formativos para os que se concederon as bolsas.

Pasará a dicir:
Para cada unha das bolsas concedidas, Deputación da Coruña e EOI comprométense a asumir o 85% do prezo do Programa Formativo.
A Deputación da Coruña financiará o programa de bolsas ata un importe total de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00€), mediante transferencia bancaria á conta indicada pola Fundación EOI, no prazo máximo dun mes desde a data de emisión da nota de cargo.
A nota de cargo emitida por EOI constará, polo menos, da seguinte documentación xustificativa:
- Memoria da actividade, subscrita polo representante legal da entidade, na que se reflictan todas as actuacións realizadas pola EOI e a Deputación para levar a cabo o programa de bolsas de estudo.
- Certificación de gastos, na que conste a relación de persoas beneficiarías, e o seu correspondente aboamento do prezo do programa formativo inscrito.
- Financiamento provincial e declaración doutros ingresos que obteñan ou estean comprometidos para a mesma finalidade.

A Deputación da Coruña poderá financiar ata 5 bolsas do programa Master MBA Part-Time. En función das bolsas que finalmente se concedan, as porcentaxes de financiamento da Deputación e a EOI para este programa formativo será o seguinte:

	1 bolsa	2 bolsas	3 bolsas	4 bolsas	5 bolsas
Achega da DEPUTACIÓN A Coruña	10.395,00€	16.000,00€	19.500,00€	22.500,00€	25.000,00€
% de financiamento da DEPUTACIÓN sobre custo total de matriculación	55,00%	42,33%	34,39%	29,76%	26,46%
% de financiamento da EOI sobre custo total de matriculación	30,00%	42,67%	50,61%	55,24%	58,54%
% de financiamento dos BENEFICIARIOS sobre custo de matriculación	15,00%	15,00%	15,00%	15,00%	15,00%
% de FINANCIAMENTO TOTAL	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Cláusula 7. VIXENCIA E EXTINCIÓN
Onde di:
O prazo de vixencia deste convenio será desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2014. (….)

Pasará a dicir:
O prazo de vixencia deste convenio será desde a data da súa firma ata o 31 de marzo de 2015. (….)

Anexo III. Apartado 10
Onde di:
A bolsa provincial reintegrarase na proporción do 55% do seu importe

Pasará a dicir:
A bolsa provincial reintegrarase na proporción indicada na cláusula 2ª do convenio.

CLÁUSULA SEGUNDA
O resto de cláusulas do convenio específico subscrito o 20 de decembro de 2013 quedan inalterables e terán plena validez durante a vixencia desta Addenda.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento por duplicado, no lugar e data indicados.

Por FUNDACIÓN EOI

Don Fernando Bayón Mariné

Por DEPUTACION DA Coruña

Don Diego Calvo Pouso

17.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE ACTUACIÓN E SINALIZACIÓN DA TORRE-FORTALEZA DE MESÍA E DIVULGACIÓN DOUTROS LUGARES DE INTERESE PARA O CONCELLO.

Visto o expediente relativo a proposta para a aprobación e formalización do convenio de Colaboración entre a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE ACTUACIÓN E SINALIZACIÓN DA TORRE-FORTALEZA DE MESÍA E DIVULGACIÓN DOUTROS LUGARES DE INTERESE DO CONCELLO, cunha achega provincial de 9.536,00 euros con cargo á partida 0112/432A/46201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 100% sobre un orzamento subvencionable de 9.536,00 euros, así coma os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios encóntranse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 31 de outubro de 2014.

2. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA para financiar O PROXECTO DE ACTUACIÓN E SINALIZACIÓN DA TORRE-FORTALEZA DE MESÍA E DIVULGACIÓN DOUTROS LUGARES DE INTERESE DO CONCELLO cunha achega provincial de 9.536,00 €, que representa unha porcentaxe de financiamento do **100,00% e** que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria **0112/432A/46201**. Todo isto condicionado a existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2015

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE ACTUACIÓN E SINALIZACIÓN DA TORRE-FORTALEZA DE MESÍA E DIVULGACIÓN DOUTROS LUGARES DE INTERESE DO CONCELLO

Na Coruña, o __ de _____de 2014 na sede da Deputación provincial

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde-Presidente do Concello de MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mesía ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de MESÍA, CIF: P 1504800B para o financiamento DO PROXECTO DE ACTUACIÓN E SINALIZACIÓN DA TORRE-FORTALEZA DE MESÍA E DIVULGACIÓN DOUTROS LUGARES DE INTERESE DO CONCELLO

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello de MESÍA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 9.536,00 €.

PANEL INFORMATIVO	945,60
POSTES SINALIZADORES	172,48
FOLLETO DIVULGATIVO	402,00
POSTES INDICADORES DIRECCIONAIS	2.090,90
GUÍA DIVULGATIVA	3.404,00
INSTALACIÓN	866,01
BASE IMPOÑIBLE	7880,99
IVE	1.655,01
TOTAL	**9.536,00**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 9.536,00 euros, o que representa unha porcentaxe do **100,00%.** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **100,00%,** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/432A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
    - persoa adxudicataria,
    - importe do contrato
    - e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao

aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de Execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de Execución do orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **1 de novembro de 2015.**

2. Para o caso de que o Concello de MESÍA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e os informes previos da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, poderá modificarse o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da XURISDICIÓN contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o _____de 2014

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA
Diego Calvo Pouso	Mariano Iglesias Castro

18.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

1º) Aprobar as Bases reguladoras do "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 0430 / 9432 / 82120 do presuposto provincial para o exercicio 2015 destinada ao financiamento do Plan.

BASES REGULADORAS
DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" é un Plan da Deputación provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente vaise financiar cunha achega provincial por importe de 25.000.000,00 no exercicio 2015.

Achega provincial	25.000.000,00 €

No presuposto provincial para o exercicio 2015, que previsiblemente se vai aprobar no Pleno da Deputación na mesma sesión que as presentes bases, vaise consignar a cantidade de 25.000.000,00 € na partida 0430/ 9432/ 82120 destinada a esta finalidade.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do presuposto provincial para o exercicio 2015, e polo tanto, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

A finalidade deste Plan é cooperar cos 93 concellos da provincia concedéndolles préstamos coas seguintes características:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2017, nos meses de xuño e novembro

- Se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a deputación poderá aplicar á compensación coas entregas a conta da recadación ou con calquera outra cantidade que a deputación teña que aboar ao concello

Tendo en conta que entre os principais problemas de moitos dos concellos están o seu alto grao de endebedamento e os custos de mantemento das súas infraestruturas, cada concello poderá destinar o importe do préstamo provincial asignado á ”redución do seu endebedamento” e á “realización de investimentos financeiramente sostibles”, en función do seu “nivel de endebedamento”, calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A) REDUCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

O concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento como mínimo un importe resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a través deste Plan, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento” definido no parágrafo anterior.

O préstamo provincial restante poderá destinalo ben a reducir máis débeda municipal ou ben á realización de investimentos financeiramente sostibles.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

O importe do préstamo provincial asignado ao concello que non teña que destinarse obrigatoriamente á redución da súa débeda, poderá destinarse ao financiamento de “investimentos financeiramente sostibles”, segundo se definen na nova disposición adicional décimo sexta do citado Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, introducida pola disposición final primeira do Real decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica (BOE nº 46 do 22 de febreiro de 2014).

Segundo esta norma, os requisitos dos investimentos financeiramente sostibles son os seguintes:

Obras de reparación ou mantemento cunha vida útil superior a 5 anos e que teñan reflexo presupostario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, que son os seguintes:

- **161.** Saneamento, abastecemento e distribución de augas.
- **162.** Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
- **165.** Alumeado público.
- **172.** Protección e mellora do medio natural.
- **412.** Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
- **422.** Industria.

- **425.** Enerxía.
- **431.** Comercio.
- **432.** Ordenación e promoción turística.
- **441.** Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.
- **442.** Infraestruturas do transporte.
- **452.** Recursos hidráulicos.
- **463.** Investigación científica, técnica e aplicada.
- **491.** Sociedade da información
- **492.** Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponder cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- **133.** Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- **155.** Vías públicas.
- **171.** Parques e xardíns.
- **336.** Protección do patrimonio histórico-artístico.
- **453.** Estradas.
- **454.** Camiños veciñais.
- **933.** Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público (so os adscritos a servizos públicos que non correspondan cos contemplados nos restantes programas da estrutura presupostaria local)

En todo caso, deben ser obras cun orzamento mínimo de 30.000,00 € para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, conten con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente como se indica na base 5.

En canto ás subministracións, quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, aparellos e vehículos, salvo os destinados á prestación do servizo público de transporte.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia.

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan anual para o exercicio 2015 financiarao integramente a deputación con cargo aos seus propios recursos.

Segundo se indica na base 1, está previsto que no presuposto provincial para o exercicio 2015 se consigne a cantidade de 25.000.000,00 € na partida 0430 / 9432 / 82120 para o financiamento deste plan.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de préstamo provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican:

10%	Cota fixa
20%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
30%	Poboación total
30%	Superficie

No caso de concellos fusionados, calcularase o importe que lles correspondería aos concellos separadamente antes da fusión, e o resultado incrementarase nun 20%.

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 93 concellos destinatarios do Plan resulta a cantidade de préstamo provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 8.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de **xeito telemático**, a través da páxina web da Deputación da Coruña. www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica o secretario e o alcalde para asinar a documentación achegada, e tamén a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o 7 de xaneiro de 2015 e rematará ás 14.00 horas do día 18 de febreiro de 2015.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse é a que deseguido se indica:

5.1. – Acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello segundo o modelo que figura como ANEXO I a estas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se aprobe a solicitude que se ha realizar, coa indicación do destino do préstamo provincial asignado ao concello, cos datos da débeda que se vai diminuír e cos investimentos financeiramente sostibles que se van realizar no seu caso.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á deputación para que obteña as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas

obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pago.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime establecido na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Documentación específica

A) REDUCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

- Informe sobre o nivel de endebedamento do concello (ANEXO II)

Coa finalidade de concretar o "nivel de endebedamento" do concello, a Intervención ou Secretaría–Intervención deberá emitir un informe cos datos do volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

- Datos da débeda que se vai reducir (ANEXO III)

A Intervención ou Secretaría–Intervención do concello deberá emitir un informe cos datos da débeda ou débedas concretas as que se vai aplicar o préstamo provincial para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica a súa minoración, e outros datos relevantes para a súa identificación.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

- Documentación técnica

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

- Informe técnico (ANEXO IV)

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se se precisan autorizacións, deberá achegarse o correspondente documento acreditativo de que o concello xa conta con elas.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do citado Real decreto lexislativo 3/2011.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000,00 euros

- Memoria económica específica asinada pola Alcaldía (ANEXO V)

Para cada investimento deberá presentarse unha memoria económica específica asinada pola Alcaldía, que conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da Corporación.
Ademais, deberá conter a proxección dos efectos presupostarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe do Interventor (ANEXO VI)

O Interventor do concello emitirá un informe sobre os seguintes puntos:

- sobre a consistencia e soporte das proxeccións da citada memoria en relación coas esixencias da norma
- se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para seren considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas presupostarias de imputación
- e sobre se o concello cumpre co previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así queda acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación aprobará un plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos. O plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e acreditada a dispoñibilidade presupostaria adecuada e suficiente.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira informe, poderanse proseguir os trámites.

7.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo co Texto refundido da lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato**.**

Excepcionalmente, as obras poderaas executar a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no plan **ata o 1 de outubro de 2015.** Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación, de xeito telemático, a seguinte documentación:

- Listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación

- A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

- No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación:

  - xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a 3 empresas,
  - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
  - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

- No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:

  - xustificación da publicidade da licitación
  - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
  - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

- No caso de que foran executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos

supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 3/2011 citado. De calquera xeito, requiririase a redacción dun proxecto modificado que será aprobado polo concello.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

O concello deberá notificar á deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data prevista para realizar tanto a comprobación de replanteo da obra, como a súa recepción, para que poida asistir un representante da deputación se o considera conveniente. Non obstante, se no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao de recepción desta comunicación, a deputación non comunica ao concello a designación do técnico da deputación que asistirá a ditos actos, o concello poderá realizalos sen a presenza de persoal da deputación.

8.- PAGO DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

A deputación transferirá o importe do préstamo provincial asignado a cada concello segundo se detalla a continuación:

A) REDUCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

Despois da aprobación do plan, a deputación transferirá directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicar a esta finalidade, o que se lle comunicará oportunamente ao concello para o seu coñecemento.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Cando se reciban na deputación os datos de adxudicación da obra, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o 50% do préstamo provincial aplicado ao financiamento da obra, calculado sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

Unha vez rematada a obra, o concello deberá presentar telematicamente a seguinte documentación:

- Acta de comprobación do replanteo
- A derradeira certificación de execución da obra, coa súa relación valorada da totalidade das partidas executadas, debidamente aprobada polo órgano municipal competente

- Dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e na súa contorna, conforme ao modelo establecido
- Acta de recepción

Despois de revisar toda esta documentación, a deputación transferirá ao concello o segundo 50% ou resto do préstamo provincial correspondente á obra executada sobre presuposto de adxudicación.
Todas as obras deberán estar terminadas o 1 de outubro de 2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

9.- DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

Os concellos deberán devolver á deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que lles foi transferido a partir do ano 2017 ata o 2026. O importe anual que se ha devolver será a décima parte do importe total transferido tanto para a redución do seu endebedamento como para a realización de investimentos financeiramente sostibles, realizándose no último ano o axuste exacto da cantidade que se ha devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoo previamente á deputación.
A devolución realizarase mediante ingreso na conta da deputación que se indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.
No caso de que o concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, a deputación poderá aplicar aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos, con calquera outro pago que a deputación deba realizar ao concello.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

ANEXO I

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO

D. / Dna. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día __/__/2014, adoptou o seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
	T O T A L	

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
T O T A L			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	
B) Investimentos financeiramente sostibles	
TOTAL	

2º) (Só no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos financeiramente sostibles)

Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

3º) (Só no caso de solicitar aplicar o préstamo a investimentos financeiramente sostibles cando exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito de abondo para o seu financiamento.

4º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial

asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en , de .

V. e pr.
O alcalde

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

ANEXO II

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA- INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan, e no marco do establecido no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, emítese este informe para calcular o nivel de endebedamento deste concello:

A- Volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo a 1 de xaneiro de 2015	
B- Ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior	
Nivel de endebedamento a longo prazo do concello (A / B)	

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 **ANEXO III** **INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA- INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS DATOS DA DÉBEDA QUE SE VAI REDUCIR**

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan, emítese este informe cos datos da débeda que se vai reducir:

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código da conta bancaria asociada	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	
Outros datos	

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 ANEXO IV INFORME TÉCNICO SOBRE O PROXECTO

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DA OBRA	
PRESUPOSTO DA OBRA	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan, emítese este informe técnico individual para o proxecto indicado:

TERREOS E AUTORIZACIÓNS

(A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisen para a súa execución, e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu presuposto ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello remitindo unha copia á deputación, ou se solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma)

OBRA COMPLETA

(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.)

OUTRAS CUESTIÓNS

(Outras cuestións de interese. Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 **ANEXO V** **MEMORIA ECONÓMICA DO ALCALDE** **ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO**

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
DENOMINACIÓN DA OBRA	
PRESUPOSTO DA OBRA	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan, emítese esta memoria económica en relación co proxecto indicado:

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

- (previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da corporación)

- Breve descrición do gasto que se ha realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública do concello.

2.- PROXECCIÓN DOS EFECTOS PRESUPOSTARIOS E ECONÓMICOS

(proxección dos efectos presupostarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias presupostarias ou económicas relevantes

"*Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos presupostarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros"*

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias presupostarias ou económicas relevantes:

"Na seguinte táboa detállanse as previsións dos efectos deste investimento sobre o presuposto de ingresos, sobre o presuposto de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil."

	2015	*2016*	*2017*	*……..*	*Ano final da súa vida útil*
Efectos sobre Presuposto de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Presuposto de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 **ANEXO VI** **INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO**

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DA OBRA	
PRESUPOSTO DA OBRA	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do plan, emítese este informe en relación co proxecto indicado:

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCIÓN DA MEMORIA DO ALCALDE

(previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da corporación)

Breve análise da memoria especifica do alcalde sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda pública da Corporación.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

(análise sobre se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas presupostarias de imputación)

- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social

- Indicación da súa imputación presupostaria: clasificación económica, grupo de programa (de entre os previstos nas bases) e aplicación orzamentaria de aplicación

- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e se supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do presuposto de gastos

- Indicación da súa vida útil (debe ser superior a cinco anos)

- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación

- Indicación de que consta no expediente memoria económica do alcalde sobre a proxección dos efectos presupostarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:
O proxecto arriba indicado, **cumpre / non cumpre** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

19.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARANGA E IRIXOA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "ESTRADA DE ARANGA A VERÍS".

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Aranga e Irixoa para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLOS	ARANGA E IRIXOA	
DENOMINACIÓN DA OBRA	Estrada de Aranga a Verís	
PRESUPOSTO DO PROXECTO	88.055,50 €	
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	Ao Concello de Aranga	44.027,75 €
	Ao Concello de Irixoa (Administración contratante)	44.027,75 €
	TOTAL	**88.055,50 €**
ACHEGA DOS CONCELLOS	0,00 €	
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00%	
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201	

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 6/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE ARANGA E IRIXOA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "ESTRADA DE ARANGA A VERÍS"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Aranga, Alberto Platas Álvarez e o alcalde-presidente do Concello de Irixoa, Antonio Deibe Sanmartín

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e dos Concellos de Aranga e Irixoa ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os Concellos de Aranga con CIF-P1500300G e Irixoa con CIF-P1504000I, para o financiamento da obra de "**ESTRADA DE ARANGA A VERÍS"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico ANTONIO LÓPEZ PANETE

2.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS, na súa condición de promotoras da obra, achegan ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, as ENTIDADES BENEFICIARIAS, comprométense a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	61.153,90
Gastos xerais (13%)	7.950,01
Beneficio industrial (6%)	3.669,23
IVE (21%)	15.282,36
Orzamento de contrata	88.055,50

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 88.055,50€, o que representa unha porcentaxe de 100,00 %. As entidades beneficiarias emitiron informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00 %, da cantidade efectivamente xustificada.
3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 6/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- A licitación, contratación, dirección e execución das obras comprendidas no proxecto indicado na cláusula primeira corresponde ao Concello de Irixoa, de acordo co convenio de colaboración subscrito entre os Concellos de Aranga e Irixoa o 06 de novembro de 2014.
2.- No procedemento de contratación, as ENTIDADES BENEFICIARIAS axustarán toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
4.- No caso de que as ENTIDADES BENEFICIARIAS tramiten e aproben algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, as ENTIDADES BENEFICIARIAS estarán obrigadas a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor do Concello de Irixoa segundo convenio asinado entre os Concellos de Aranga e Irixoa o 06 de novembro de 2014 pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de

adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta do Concello de Irixoa segundo convenio asinado entre os concellos de Aranga e Irixoa o 06 de novembro de 2014. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento ás

ENTIDADES BENEFICIARIAS para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá ás ENTIDADES BENEFICIARIAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS deberán estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. As ENTIDADES BENEFICIARIAS autorizan á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- As ENTIDADES BENEFICIARIAS destinarán os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

Logo de presentar telematicamente o Concello das Pontes de García Rodríguez un proxecto modificado desta obra, e logo de ver o correspondente informe técnico de supervisión favorable do dito proxecto modificado emitido o 31 de outubro de 2014 polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios desta Deputación

Logo de ver as bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º Aprobar a modificación do proxecto da obra "Remodelación da Praza do Hospital", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0159.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total, nin cambio da finalidade da obra, nin da súa localización, si implica unha variación substancial dalgunhas partidas internas do proxecto inicial

			FINANCIAMENTO		
Código da obra	***Concello***	***Denominación***	***Deputación F. propios***	***Concello***	***Orzamento Total***
14.2100.0159.0	*As Pontes de García Rodríguez*	*Remodelación da Praza do Hospital*	*395.508,94*	*0,00*	*395.508,94*

2º Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 28 de marzo de 2014, e aprobala definitivamente, toda vez que consta no expediente a documentación xustificativa do seu cumprimento

3º Notificar telematicamente este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos de que poda iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2014.

32.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DO CAMPO DA FESTA DE BRAÑAS E OUTROS" DO CONCELLO DE TOQUES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO: 14.2100.0189.0

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Logo de ver que neste Plan POS 2014 se inclúe, entre outras, a seguinte obra do Concello de Toques, cos datos seguintes:

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
14.2100.0189.0	Toques	Pavimentación do Campo da Festa de Brañas e outros	144.955,06	0,00	144.955,06

Logo de aprobar o Concello de Toques un proxecto modificado desta obra, e logo de presentalo telematicamente ante esta Deputación, así como os correspondentes informes xurídicos e técnicos relativos á dita aprobación

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra "Pavimentación do Campo da Festa de Brañas e outros" do Concello de Toques, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0189.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado previsto no proxecto inicial e cuxos datos son os seguintes:

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2100.0189.0	Toques	Pavimentación campo da festa de Brañas e outros	144.955,06	0,00	144.955,06

33.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "ARRANXO DE FIRME DE VÍA PÚBLICA DO CRUZAMENTO DE SESMONDE" DO CONCELLO DE VILASANTAR, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 2014 DO PLAN DTC 93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS (2014.3280.0215.0).

Aprobar o proxecto técnico modificado da obra denominada "Arranxo firme de vía pública do Cruce de Sesmonde" do Concello de Vilasantar, código 14.3280.0215.0, incluída na 2ª fase - derradeira da anualidade 2014 do PLAN DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 30 de xullo de 2014, cun orzamento de 41.845,80 euros, dado que non representa unha variación do orzamento total respecto ao do proxecto técnico inicial, aínda que supón un cambio de vía no mesmo núcleo do Cruce de Sesmonde, polo que se modifican as medicións e as partidas da obra, pero trátase igualmente dun camiño municipal no que se arranxa a capa de rodadura.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Vilasantar	14.3280.0215.0	Arranxo de firme de vía pública do Cruce de Sesmonde .	41.845,80	0,00	41.845,80

O financiamento desta obra incluída na 2ª- derradeira fase do Plan realízase con cargo á partida presupostaria do plan 0430/155B/76201 do exercicio 2014."

34.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA O 31.10.2014 E PROXECCIÓN AO 31.12.2014.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/10/2014 e proxección a 31/12/2014.

35.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Logo de analizar a documentación presentada, de conformidade coa lexislación vixente, e que ten o seguinte detalle:

- Memoria da Presidencia explicativa sobre a modificación da ordenanza fiscal.
- Informe-proposta da Sección de Recursos Propios, que conforman o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a vicetesoureira.
- Texto proposto para a ordenanza fiscal co contido mínimo que sinala o art. 16.1 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.
- Informe preceptivo da Intervención provincial.

1ºAprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL XERAL, artigos 42, 43, 44 e 45 coa seguinte redacción:

Artigo 42.- FORMAS, MEDIOS E LUGARES DE PAGAMENTO

O pagamanto das débedas, tributarias ou non tributarias, garantías en efectivo e calquera outro pago que se ha efectuar a favor da Deputación provincial, terá que facerse mediante entidade financeira colaboradora, despois da obtención previa da correspondente carta de pagamento.

Estes pagamentos canalizaranse polos seguintes medios:

a) Ingresos de efectivo nas oficinas abertas ao público polas ditas entidades no correspondente horario de atención ao público destas, ou nos caixeiros autómaticos das ditas entidades.
b) Mediante domiciliación bancaria no caso dos tributos de cobro periódico e notificación colectiva e aqueloutros que decida a Presidencia no seu procedemento de xestión.
c) Na oficina virtual tributaria a través do pagamento con tarxeta en TPV virtuais, red-es, cargo en conta ou calquera outro medio que poida establecerse.

Artigo 43.- FORMAS DE PAGAMENTO NA TESOURERÍA PROVINCIAL

Na Unidade Central de Tesourería será posible o pagamento daquelas taxas, garantías e ingresos non tributarios que constitúan recursos propios da Deputación mediante un sistema asistido de TPV virtual dentro da Oficina Virtual Tributaria, sen prexuízo da posible expedición da carta de pagamento para o ingreso en entidade colaboradora de calquera débeda, garantía ou calquera outro pagamento.

Só en circunstancias excepcionais e con autorización previa do tesoureiro, poderán efectuarse cobros en efectivo en determinados casos concretos.

Artigo 44.- XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO

Os xustificantes de pagamento en efectivo serán segundo os casos:

a) Os recibos validados pola Tesourería ou as entidades financeiras colaboradoras.
b) As cartas de pago subscritas ou validadas polo funcionario competente ou polas entidades autorizadas para recibir o pagamento.
c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado, expedidas pola Tesourería ou o Servizo Central de Recadación.
d) Calquera outro documento ao que se outorgue expresamente o carácter de xustificante de pagamento, autorizado por Resolución da Presidencia.

Artigo 45.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO EN MATERIA DE CANLES DE INGRESO

O cobro de todo tipo de débedas, garantías e calquera importe a favor da Deputación ou das entidades cuxa xestión recadatoria ten delegada, regularase mediante as normas xerais de desenvolvemento que aprobe a Presidencia da Deputación e as instrucións concretas que dite a Tesourería.

Elevarase ao Pleno da Excelentísima Deputación provincial a citada proposta de acordo, co fin de sometela á deliberación e posterior aprobación, se proceder, por canto ha de quedar a resultas das reclamacións que puideran formularse, salvo que non se produza ningunha, en cuxo caso entenderase definitivamente aprobada.

2º.- O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o art. 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º.- Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra da modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

4º .- Entrada en vigor:

a) Se non se producen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación.

b) Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

36.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7/2014.

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 7/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 5.031.530,11 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 763.451,23

SC. Suplemento créditos: 4.268.078,88

Total de aumentos: 5.031.530,11

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería: 2.565.122,96

Baixas de crédito noutras aplicacións: 2.466.407,15

Total financiamento: 5.031.530,11

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gasto

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	156.685,15	0,00
2. Gastos correntes	0,00	16.000,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	48.219,05	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	2.369.407,15
6. Investimentos reais	97.000,00	81.000,00
7. Transferencias de capital	4.729.625,91	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	**5.031.530,11**	**2.466.407,15**

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	2.565.122,96
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	**2.565.122,96**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

37.-INFORMACIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE ABOAMENTO A PROVEDORES.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para os meses de setembro e outubro de 2014.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

38.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2015 E BASES DE EXECUCIÓN.

Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2015, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2015 por importe de 171.334.100,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPITULO I	Impostos directos	14.948.813,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	14.720.494,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	9.357.671,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	131.000.029,00
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	1.193.843,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**171.220.850,00**

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**0,00**

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	113.250,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**113.250,00**

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 171.334.100,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	38.381.709,52
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	24.268.643,57
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	20.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	36.666.664,37
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia	3.425.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**102.762.017,46**

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	21.769.540,78
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	20.915.077,36

		TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**42.684.618,14**
3.	**OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**		
	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	25.887.464,40
	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
		TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**25.887.464,40**
		TOTAL DE ORZAMENTO XERAL	**171.334.100,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos públicos básicos	3.292.202,00
2	Actuacións protección e promoción social	27.657.936,87
3	Produción bens públicos carácter preferente	21.548.914,56
4	Actuacións de carácter económico	52.091.126,59
9	Actuacións de carácter xeral	66.743.919,98
0	Débeda pública	0,00
	TOTAL DE ORZAMENTO XERAL	**171.334.100,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo estabelece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

39.-REESTRUTURACIÓN ORGÁNICA. TERCEIRA FASE DO DESENVOLVEMENTO 2013-2015. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2015.

Visto o expediente relativo á aprobación da Reestruturación Orgánica, Terceira Fase de Desenvolvemento 2013-2015, Relación de Postos de Traballo 2015, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O Pleno da Corporación, na súa sesión do 31 de maio de 2013, aprobou o "Acordo de Planificación Estratéxica 2013-2015", que, entre outros aspectos, aprobou o Plan de Emprego 2013-2015 que contén entre as medidas de racionalización de efectivos a promoción interna, a consolidación de emprego temporal e a "identificación e elaboración do catálogo de postos de traballo de persoal laboral susceptibles de seren incorporados a un proceso de funcionarización; e do catálogo de postos laborais que no futuro obrigatoriamente deberían ser cubertos ou desempeñados por persoal funcionario con base na aplicación da normativa vixente; e por tanto tamén do catálogo de postos que deben ser declarados a extinguir unha vez vacantes".

Así mesmo, no seu acordo do 20 de decembro de 2013, o Pleno aprobou o Convenio Colectivo do persoal laboral, con vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2014, que no seu artigo 4 establece a equiparación das normas, condicións de traballo, sociais e retributivas, sempre de conformidade co previsto no ordenamento xurídico, de todo o persoal da Deputación; e na súa Disposición Adicional Segunda, "funcionarización de persoal laboral", establece como obxectivo o de regularizar aquelas situacións nas que tarefas e funcións que deban ser prestadas por persoal funcionario estean a ser desempeñadas por persoal laboral. Nas táboas salariais do dito convenio colectivo, figuran xa os postos, titulacións e formas de provisión agrupados nos grupos e subgrupos equivalentes cos do persoal funcionario, coincidentes ademais coa Relación de Postos de Traballo.

Os referidos acordos plenarios e a normativa vixente para a Administración Local, permiten que, ademais da funcionarización dos postos que obrigatoriamente terían que ser desempeñados por persoal funcionario, poidan ser tamén obxecto de funcionarización os demais postos que na actualidade están a ser ocupados por persoal laboral, tendo en conta, precisamente, que existen definidas legalmente as escalas e subescalas específicas nas que se encadrarían estes e na Relación de Postos de Traballo desta Deputación existen idénticos postos adscritos uns a persoal funcionario e outros a persoal laboral.

A planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas ten como obxectivo a consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles. Neste caso, trátase, pois, de acadar unha "modernización e maior rendibilización do potencial dos recursos humanos da deputación… nun marco de aforro e estabilidade orzamentaria" (Acordo de Planificación Estratéxica 2013-2015, citado), así como unha unificación baixo un só réxime xurídico, o funcionarial, de todo o persoal da Deputación, o que dará tamén lugar á aplicación dun único réxime de acceso á función pública e á provisión de postos de traballo en igualdade de condicións.

I.2.- A Oficialía Maior formulou unha proposta de reorganización da Imprenta Provincial, para a adaptación dos postos ás novas funcións que legalmente ten que desenvolver o departamento de acordo coa legalidade vixente, incluída a posible promoción interna do persoal afectado, con unificación das denominacións e/ou categorías, consecuente coas funcións propostas. O Plan de Emprego 2013-2015, posibilita a tal promoción interna, tanto para o persoal funcionario como para o laboral, polo que será factible segundo o tal Plan para o persoal que reúna os requisitos que se fixen nas correspondentes convocatorias, e polo que se refire ao persoal laboral poderá formar parte a tal promoción do proceso de funcionarización dos postos de traballo, tamén en execución do repetido Plan, e segundo o xa exposto no antecedente anterior.

I.3.- Faise constar que, na actualidade, os postos susceptibles de formar parte do proceso de promoción interna/funcionarización, ao que se refiren os antecedentes I e II precedentes, teñen asignadas as mesmas retribucións anuais totais que os postos aos que accederían, no seu caso, en virtude da tal promoción, con motivo de ter asignadas todos eles as mesmas funcións, polo que non suporía incremento retributivo.

I.4.- A Área de Tesourería e Xestión de Tributos formula tamén unha proposta concreta de reorganización referida á Zona Recadatoria 01, por motivos de necesidade para corrixir e mellorar a eficiencia na prestación do servizo, que concreta na creación dun posto de "Xefatura de Zona-1", que levaría aparellada a amortización dun posto de "Administrativa/o de Administración Xeral" da Zona-2, actualmente vacante, co que o incremento retributivo que supón a creación daquel posto veríase diminuído en parte.

I.5.- A Área de Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira, propón igualmente unha necesaria reorganización no Servizo de Contabilidade, motivado polas novas funcións que se terán que desenvolver dirixidas directa e inmediatamente aos concellos da provincia, cuxa proposta se concreta na creación de dous dos novos postos, unha Xefatura de Sección e unha Xefatura de Negociado. Ademais, tendo en conta a situación real na actualidade, e conforme tamén coa proposta da Oficialía Maior, anteriormente referida, incrementaríase un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, ocupado por unha persoa Gravadora de Texto laboral, que está xa realizando as tales funcións, sen que supoña polo tanto custo ningún, e amortizaríase outro na Intervención Xeral, vacante actualmente con reserva, o que suporía a adscrición definitiva por requirilo así ás necesidades dos servizos e a necesaria economía, da persoa que ten reservado o posto ao que ocupa actualmente en comisión de servizos por vacante, así como tamén e en consecuencia, a adscrición definitiva aos postos que tamén ocupan en comisión de servizos, tamén por vacante, doutras dúas persoas nos postos que ocupan con tal carácter, as tres na Área de Tesourería e Xestión de Tributos. As adscricións definitivas non supoñen custo, polo que a creación dos postos de Xefatura referidos, verían diminuído o incremento retributivo necesario como consecuencia do exposto.

I.6.- A prevención de riscos laborais vén definida legalmente como o conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade da empresa co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo. A Lei de Prevención de Riscos Laborais e as súas normas de desenvolvemento aplícanse

tanto no ámbito das relacións reguladas no Estatuto dos Traballadores como no das relacións de carácter funcionarial a todo o persoal ao servizo das Administracións Públicas, aínda que con determinadas peculiaridades propias destas organizacións.

Considérase necesario na Área de Persoal e Organización, potenciar o servizo propio de prevención de riscos laborais, mediante a súa completa reorganización e reestruturación, converténdoo dunha simple unidade técnica nunha Sección administrativa, Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais, integrada na dita Área no Servizo de Organización, a nivel funcionarial e xerárquico, pola súa incidencia e implicación na propia estrutura organizativa, máis ampla que a simple "prevención" dirixida só aos "recursos humanos", creando en consecuencia o posto de Xefatura de Sección, transformando o posto de Técnica/o de Prevención de Riscos Laborais nun posto de carácter básica e eminentemente técnico e integrando na nova Sección o posto existente de ATS/DUE, actualmente adscrito exclusivamente aos Servizos Centrais Calvo Sotelo, tal como prevé a propia normativa de prevención de riscos laborais, así como un posto de Administrativa/o de Administración Xeral procedente do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

I.7.- Nas Áreas de Acción Territorial e de Persoal e Organización, existen senllos postos de Secretaría con dependencia directa das respectivas Direccións. Tendo en conta que ambas as dúas Áreas teñen, polo menos nunha parte importante, un contido técnico, a primeira delas na súa maior parte nos Servizos de Vías e Obras, Arquitectura e Mantemento, Apoio Técnico a Municipios, e a segunda, nos Servizos de Informática e Administración Electrónica e de Sistemas e Soporte, que fan necesario que os devanditos postos de Secretaría, pola tal dependencia e relación directa coas Direccións das Áreas, así como polas funcións xa encomendadas, sexan clasificadas na Relación de Postos de Traballo como de adscrición indistinta ás Escalas de Administración Xeral e Administración Especial.

I.8.- A Área de Servizos Provinciais propón tamén a reorganización do Servizo de Patrimonio, tendo en conta que se trata da unidade responsable da xestión de expedientes expropiatorios, responsabilidade patrimonial, con procedementos moi complexos e necesitados dunha alta capacitación administrativa, mediante a creación dun posto de Xefatura de Sección mediante a transformación do posto de Técnica/o de Xestión Cultural, adscrito ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, actualmente vacante, e, ademais, neste mesmo Servizo, e para dotar tamén á Sección de Servizos Sociais, propón que, mediante a amortización dun posto de Auxiliar de Administración Xeral, tamén vacante na actualidade no Servizo de Patrimonio, se cree un posto de Xefatura de Negociado, para facer fronte á crecente complexidade consecuencia da tecnificación dos procesos administrativos.

Así mesmo e en relación co Centro de Día de Menores de Ferrol, proponse a declaración de "para extinguir" dos postos de Operaria/o Servizos Varios e de Celador/a, por consideralos como non necesarios na nova organización que se deriva da clasificación do centro, unha vez que queden vacantes.

I.9.- En execución do xa referido Plan de Emprego 2013-2015, rematada a primeira fase da promoción interna e da consolidación de emprego temporal, que estaba referida á Área de Persoal e Organización, de acordo co establecido no propio Plan de Emprego, procede realizar as creacións, transformacións e amortizacións necesarias para cubrir os postos obxecto das tales promoción e consolidación,

levándoo a efecto igualmente que todo o anterior mediante a Relación de Postos de Traballo.

I.10.- Como consecuencia de xubilacións forzosas por idade do persoal funcionario, así como voluntarias anticipadas, solicitadas en firme para datas concretas e polo tanto de obrigada concesión, proponse a amortización e a transformación dos postos afectados, en concreto, amortización dun posto de Subalterna/o, adscrito á Área de Secretaría, Oficialía Maior, Servizos Internos, con efectos do vindeiro 1 de xaneiro de 2015, por xubilación voluntaria da persoa titular, e amortización dun posto de Analista Técnica/o, Área de Persoal e Organización, Servizo de Informática e Administración Electrónica, Sección de Asistencia Informática, con efectos do vindeiro 2 de xaneiro do dito ano 2015, tamén por xubilación voluntaria do titular; e a proposta da Área de Tesourería e Recadación de Tributos, a transformación dun posto de Recadador/a, Zona 04, en Xefatura de Zona-4, por xubilación forzosa con efectos do vindeiro día 4 do mesmo mes de xaneiro de 2015; todo o que supón unha importante economía, e que será levado igualmente a efecto na Relación de Postos de Traballo coa entrada en vigor diferida ás devanditas datas.

I.11.- Para os efectos de cumprir coa normativa vixente, en canto ás retribucións dos empregados públicos, que non poderán experimentar incrementos nos termos establecidos na dita normativa, amortízanse e decláranse “para extinguir” igualmente postos que se consideran non imprescindibles, ademais dos que xa resultan do exposto nos antecedentes precedentes.

I.12.- Na Área de Acción Territorial, tendo en conta que os fundamentos da resolución da Presidencia 2014/15963, para a adscrición provisional dos postos de Enxeñeira/o Superior de Obras Públicas e de Enxeñeira/o Técnico de Obras Públicas ao Servizo de Apoio Técnico a Municipios, procedentes do de Arquitectura e Mantemento, ambos os dous na propia Área, poden considerarse definitivos, asígnanse os ditos postos co tal carácter definitivo ao dito Servizo.

I.13.- As previsións contidas no xa citado Acordo de Planificación Estratéxica e no Plan de Emprego 2013-2015, van encamiñadas, entre outros aspectos, como xa quedou apuntado no antecedente I, cara o obxectivo da consecución da eficacia na prestación dos servizos, así como a modernización e maior “rendibilización do potencial dos recursos humanos da Deputación”, e igualmente o necesario “aforro e estabilidade orzamentaria”. Nese aspecto, considérase necesario establecer un sistema retributivo que potencie o alcance do maior grao na consecución dos obxectivos da organización, o que implica que se realice a valoración e asignación de funcións de todos os postos de traballo da Deputación, co establecemento dun sistema obxectivo de produtividade por obxectivos, o que implica que inicialmente no propio acordo aprobatorio da Relación de Postos de Traballo se establezan as funcións básicas dos postos tipo, deixando invariables, en principio, as dos postos concretos que, pola súa especificidade, foron sinaladas no acordo plenario aprobatorio da Relación de Postos de Traballo para 2014 (aprobación inicial na sesión plenaria do 22 de novembro de 2013, e definitiva na do 20 de decembro seguinte), nos seus apartados 8 (Área de Tesourería e Xestión de Tributos) e 9 (Fogares Infantís/Centros de Día de Menores, postos de Educador, Educador-Titor).

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- Artigos 9.2 e 11.2 da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), en canto establecen, o primeiro, os postos que terán en todo caso que estar reservados a persoal funcionario, e o segundo, sobre a determinación dos postos de traballo que poderán ser desempeñados por persoal laboral; en relación cos artigos 10.1 e 27.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG), que prescriben, respectivamente, que o persoal laboral ocupará postos de traballo destinados a persoal desta natureza ou ben, con carácter excepcional, postos reservados a persoal funcionario, e que os postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os dos seus organismos autónomos de carácter administrativo serán desempeñados por persoal funcionario público. Igualmente, os artigos 14 e 18 do dito EBEP, establecen o dereito á promoción interna dos funcionarios públicos; en relación cos artigos 31, 63 e 64 do Decreto Lexislativo 1/2008, Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia (TRLFPG), que regulan a posibilidade de establecer medidas específicas de promoción interna nos plans de emprego, tanto para o persoal funcionario como para o laboral, e o dereito á tal promoción interna do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

II.2.- Disposición Transitoria Segunda do devandito EBEP, así como as Décimo Terceira e Vixésimo Primeira, en relación coas Transitorias Primeira, Sétima e Novena do TRLFPG, que habilitan para a realización dos correspondentes procesos de funcionarización dos postos desempeñados por persoal laboral.

II.3.- En canto á normativa específica vixente para a Administración Local, os artigos 234 e 235 da Lei 5/1994, de Administración Local de Galicia (LALGA), que especifican os postos que serán desempeñados exclusivamente por persoal suxeito ao estatuto funcionarial, o primeiro, e os que poden ser desempeñados por persoal laboral, o segundo. En igual sentido, os artigos 89 e 92 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local (LBRL).

II.4.- Artigo 175 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (TRLRL), que regula a subescala funcionarial específica na que se integrará o persoal de oficios, o que fai posible, consecuentemente, tamén a funcionarización destes postos.

II.5.- A xurisprudencia ten establecido que nos procesos de funcionarización dos postos de persoal laboral, os seus titulares que non participen nos procesos selectivos correspondentes ou non os superen, seguirán desempeñando os postos mantendo o seu réxime laboral na condición de “para extinguir” (STS do 20 de xuño de 1996, por todas), o que é conforme co disposto na xa citada Disposición Transitoria Segunda do EBEP.

II.6.- A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, aprobada de conformidade co disposto na Directiva Comunitaria 89/391/CEE, e o seu Regulamento, Real Decreto 39/1997, de aplicación a todo o persoal das Administracións Públicas, coas únicas excepcións previstas no propio Regulamento, Disposición Adicional 4ª.

II.7.- Artigo 20 da Lei 22/2013, de Orzamentos Xerais do Estado, en canto prohibe os incrementos retributivos do persoal do sector público (número Dous). Neste caso, non se produce incremento da suma agregada de todos os gastos de persoal ou masa

salarial, xa que van compensados coa redución doutros conceptos retributivos e coa amortización doutros postos de traballo vacantes, o que en termos de homoxeneidade ha de interpretarse e ser entendido de modo que implique semellanza, pero non unha igualdade exacta, xa que doutro xeito, non sería posible a adecuación ao establecido no propio precepto (número Sete), en canto prescribe "sen prexuízo das adecuacións que con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el".

II.8.- En canto á variación de efectivos, non se produce tampouco incremento coa creación dos novos postos de traballo, cumpríndose o disposto no artigo 21 da devandita Lei 22/2013. En calquera caso, sinalar a STS do 27/03/2006, Sala 3ª do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª, Recurso 515/2000, que cita outra da mesma Sala do 22/11/2005, en canto establece que "en todo caso, o número de prazas de novo ingreso deberá ser inferior ao …% da taxa de reposición de efectivos", que a Sala interpreta no "sentido de considerar que o límite do …% da taxa de reposición permite contratar persoal novo en prazas de nova creación, sempre que non supere aquel… pois de entender que só poden cubrirse o …% das prazas de reposición, en prazas xa vacantes, encontraríamonos non cunha norma tendente a moderar o gasto público, senón redutora del, con risco para o bo funcionamento dos servizos públicos", e remata establecendo que "trátase de conter o gasto pero sen impoñer unha redución del que poña en perigo os sectores, función e categorías prioritarias".

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal e a xurisprudencia citada:

1º.- Realizar de conformidade coas previsións do Plan de Emprego 2013-2015 a funcionarización de todos os postos de persoal laboral, que se incluirán na Relación de Postos de Traballo de persoal funcionario para 2015, como afectados polo tal proceso de funcionarización e promoción interna e coa mención de "para extinguir", así como as prazas que se correspondan no Cadro de Persoal para o dito ano. O proceso de funcionarización e promoción interna en si mesmo non supón incremento ningún do gasto total do persoal, nin da masa retributiva total resultante da suma das masas retributiva do persoal funcionario e da masa salarial do laboral, xa que non se produce variación ningunha nas retribucións dos postos afectados.

A participación nos procesos selectivos correspondentes será voluntaria, podendo participar neles os titulares dos postos obxecto de funcionarización como persoal laboral fixo do cadro de persoal que se encontren na situación de servizo activo, en excedencia ou en incapacidade permanente con reserva do posto de traballo, e posúan as titulacións legalmente esixibles para o acceso aos postos na Administración Local como persoal funcionario de carreira, así como os titulares dos postos obxecto igualmente de promoción interna como persoal funcionario que reúnan igualmente as condicións para a participación no proceso.

A toma de posesión das persoas que superen os correspondentes procesos selectivos como funcionarias de carreira, levará consigo a rescisión simultánea da relación laboral existente ata esa data.

2º.- Proceder á reorganización da Imprenta Provincial, para a adaptación dos postos de traballo ás novas funcións que ten que desenvolver o departamento de acordo coa

legalidade vixente, de conformidade igualmente co disposto no Plan de Emprego 2013-2015, mediante a súa inclusión no proceso de promoción interna, tanto para o persoal funcionario como para o laboral, que reúnan os requisitos que se fixen nas correspondentes convocatorias, e polo que se refire ao persoal laboral, formando parte a tal promoción do proceso de funcionarización dos postos de traballo, tamén en execución do repetido Plan de Emprego; tendo en conta, así mesmo, que os postos susceptibles de formar parte do tal proceso de promoción interna/funcionarización, teñen asignadas as mesmas retribucións anuais totais que os postos aos que accederían, no seu caso, en virtude da tal promoción, con motivo de ter asignadas todos eles as mesmas funcións, polo que non suporía incremento retributivo ningún. Como consecuencia do dito proceso, prodúcese a seguinte modificación en relación coa vixente Relación de Postos de Traballo:

- Adscrición dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, á Oficialía Maior, ocupado por persoal laboral "para extinguir", posto de Oficial Imprenta, suxeito á funcionarización/promoción interna.

3º.- Reorganizar as Zonas Recadatorias da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, para a mellora da eficiencia na prestación do servizo, coas seguintes modificacións en relación coa vixente Relación de Postos de Traballo:

- Creación dun posto de Xefatura Territorial de Zona-1, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo C/C1, AX/AE, réxime de especial dedicación.
- Creación dun posto de Xefatura Territorial de Zona-4, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo C/C1, AX/AE, réxime de especial dedicación, con vixencia do 04/01/2015.
- Amortización dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral Zona-2, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, vacante.
- Amortización dun posto de Recadador/a, Zona-4, laboral, praza asociada de Recadador/a, nivel 24, Grupo/Subgrupo A/A1, réxime de especial dedicación, efectos do 04/01/2015, na que estará vacante o dito posto pola xubilación forzosa da persoa titular.

4º.- Reorganizar o Servizo de Contabilidade da Área de Intervención Xeral e Xestión Económico-Financeira, tendo en conta as novas funcións que se terán que desenvolver nel dirixidas directa e inmediatamente aos concellos da provincia, coas modificacións que deseguido se indican:

- Adscrición dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subgrupo C/C1, AX, ocupado por persoal laboral "para extinguir", posto de Grabador/a texto, suxeito á funcionarización/promoción interna, procedente da reorganización da Imprenta Provincial.
- Creación dun posto de Xefatura de Sección III, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, nivel 24, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE.
- Creación dun posto de Xefatura de Negociado VI, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo A1/A2/C1, AX/AE.

- Amortización dun posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subrupo C/C1, AX, adscrito ao Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, Sección de Control I, Negociado de Fiscalización de Subvencións. Como consecuencia, adscribir definitivamente ás persoas que están a ocupalos na actualidade aos postos seguintes, na Área de Tesourería e Xestión de Tributos:
    - Unidade de Instrución de Sancións Municipais: Un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subrupo C/C1, AX.
    - Tributos Locais: Un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subrupo C/C1, AX.
    - Unidade Central de Atención ao Contribuínte: Un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativo de Administración Xeral, nivel 19, Grupo/Subrupo C/C1, AX.

5º.- Restruturar e reorganizar a unidade de prevención de riscos laborais, na Área de Persoal e Organización, transformándoa nunha Sección administrativa, Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais integrada no Servizo de Organización a nivel funcionarial e xerárquico, na Área de Persoal e Organización, segundo as seguintes modificacións:

- Creación dun posto de Xefatura de Sección de Organización da Prevención de Riscos Laborais, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, nivel 24, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE.
- Transformación do actual posto de Técnico de Prevención de Riscos Laborais, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, asignándolle o nivel 22, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE, con titulación como mínimo en dúas das especialidades das previstas no anexo VI do Real Decreto 39/1997, Regulamento de Prevención de Riscos Laborais.
- Integrar na nova Sección do posto de ATS/DUE, laboral, nivel 21, Grupo/Subgrupo A/A2, actualmente adscrito aos Servizos Xerais Calvo Sotelo.
- Integrar na nova Sección un posto de Administrativa/o de Administración Xeral, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, procedente do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

6º.- Clasificar os postos de Secretaría adscritos ás direccións das Áreas de Acción Territorial e de Persoal e Organización, como de adscrición indistinta ás Escalas de Administración Xeral e Administración Especial, AX/AE, podendo ser desempeñadas en consecuencia por persoal funcionario das ditas escalas indistintamente, tendo en conta o contido técnico en parte dos postos.

7º.- Proceder á reorganización da Área de Servizos Provinciais, mediante as seguintes modificacións da Relación de Postos de Traballo:

- Creación dun posto de Xefatura de Sección, praza asociada de Técnica/o de Administración Xeral, nivel 24, Grupo/Subgrupo A1/A2, AX/AE, adscrita ao Servizo de Patrimonio.
- Creación dun posto de Xefatura de Negociado, praza asociada de Administrativa/o de Administración Xeral, nivel 22, Grupo/Subgrupo A1/A2/C1, adscrito ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección de Servizos Sociais.

- Amortización dun posto de Técnica/o de Xestión Cultural, praza asociada de Técnica/o de Xestión Cultural, nivel 24, Grupo/Subgrupo A/A1, réxime de especial dedicación, adscrito ao Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.
- Amortización dun posto de Auxiliar de Administración Xeral, praza asociada de Auxiliar de Administración Xeral, nivel 16, Grupo/Subgrupo C/C2, adscrito ao Servizo de Patrimonio.

Declarar "para extinguir", unha vez que queden vacantes, os postos adscritos ao Centro de Día de Menores de Ferrol, da Área de Servizos Provinciais, dos postos de Operaria/o de Servizos Varios e de Celador/a, como consecuencia da clasificación do centro.

8º.- Finalizar a execución da primeira fase da promoción interna e da consolidación de emprego temporal, dentro do Plan de Emprego 2013-2015, Área de Persoal e Organización, mediante a creación, transformación e amortización necesarias dos postos que deseguido se indican na Relación de Postos de Traballo, así como a clasificación de todos os postos de traballo de Xefatura de Negociado, de todas as Áreas, como de adscrición indistinta ás Escalas de Administración Xeral e Administración Especial, AX/AE, podendo ser desempeñadas en consecuencia por persoal funcionario das ditas escalas indistintamente, para os efectos necesarios para a execución das sucesivas fases de execución do dito Plan de Emprego:

- Transformar 1 praza de analista técnico (1.1.53.2) (A2) e 1 posto de analista técnico (1.1.90.8) en 1 praza e 1 posto de técnico de organización (A1).
- Transformar 1 praza de técnico de xestión tributaria (1.1.55.20) (A2) en 1 praza de técnico de organización (A1).
- Transformar 2 prazas de Asesor de Sistemas de Xestión Municipal (1.1.59.4 e 1.1.59.6) (A2) e 2 postos de asesor técnico (1.289.2 e 1.289.4) en 2 prazas e 2 postos de Técnico de Organización (A1).
- Transformar 1 praza de Técnico de Xestión de Administración Xeral (1.1.2.6) (A2) en 1 praza de Técnico de Organización (A1).
- Transformar 1 praza de administrativo (1.1.3.159) nunha praza de Asesor Técnico e un posto de Secretaria (1.1.334.1) (C1-22) en 1 posto de Secretaria (A2/C1-22)
- Transformar 1 praza de administrativo (1.1.3.52) (C1) e 1 posto de administrativo (1.1.15.169) en 1 praza e 1 posto de asesor técnico (A2).
- Transformar 2 prazas de monitor técnico (1.1.69.1 e 1.1.69.2) (C1) e 2 postos de analista programador (1.290.13 e 1.290.12) en 2 prazas e 2 postos de analista técnico (A2).
- Transformar 1 praza de programador de sistemas (1.1.63.1) e 1 posto de analista programador (1.290.11) (C1) en 1 praza e 1 posto de analista técnico (A2).
- Transformar 3 prazas de programador de aplicacións (1.1.65.3; 1.1.65.4 e 1.1.65.8) e 3 postos de analista programador (1.290.3; 1.290.4 e 1.290.8) en 3 prazas e 3 postos de analista técnico.
- Transformar 1 praza de asesor de sistemas de xestión municipal (1.1.59.7) (A2) en 1 praza de Técnico superior de informática (A1).
- Transformar 1 praza de asesor de sistemas de xestión municipal (1.1.59.9) (A2) e 1 posto de asesor técnico (1.289.5) nunha praza e un posto de técnico superior de informática.
- Transformar 1 praza de analista técnico (1.1.53.3) (A2) e 1 posto de analista técnico (1.90.9) en 1 praza e 1 posto de técnico superior de informática (A1).

- Transformar 1 praza de analista técnico (1.1.53.1) e 1 posto de analista técnico (1.190.9) en 1 praza e 1 posto de técnico superior de informática (A1).
- Amortizar 1 praza de monitor (1.1.52.1) (A2) e 1 posto de analista técnico (1.90.4).

9º.- Con efectos ás datas que se sinalan, amortizar os postos que deseguido se indican, como consecuencia das xubilacións anticipadas voluntarias, solicitadas en firme polas persoas titulares e de obrigada concesión:

- Un posto de Subalterna/o, praza asociada de Subalterna/o, nivel 13, AP/Grupo E Lei 30/1984, AX, con efectos do día 1 de xaneiro de 2015, data na que estará vacante. Área de Secretaría Xeral, Oficialía Maior, Servizos Internos.
